

**NOTA INFORMATIVA CITACIÓN ENTREVISTAS TECENDO EMPREGO****LUGAR ENTREVISTAS :CENTRAD – CENTRO DE ARTESANIA E DESEÑO (PAVILLÓN Nº 5)  
C/CHANTADA S/N – LUGO ( Á BEIRA DA POLICIA NACIONAL)****DATAS: DENDE 25/03/2019 ATA 29/03/2019**

Logo de revisar a documentación requirida aos candidatos desempregados procédese a seguir co procedemento do programa, en concreto, coa fase de ENTREVISTAS de acordo ao establecido na Base 6 do programa , e con data 15 de marzo de 2019 publícanse as listaxes de citacións para os postos do programa:

- **Listaxe de citacións.**  
Detalla a relación dos candidatos por orde de NIF, para cada un dos códigos dos postos solicitados, de aí que aparezan os códigos para os que serán aptos para o proceso de entrevista, con detalle de data, hora e comisión, así coma os códigos para os que se califican coma non aptos ,con indicación do motivo.
- **Listaxe de excluídos.**  
Para o caso de non estar apto en ningún proceso de entrevista, detallase por orde de NIF os candidatos excluídos xunto co motivo de exclusión.

Finalizadas as entrevistas, publicaranse as listaxes de notas por cada posto.

Posteriormente elevarase a Xunta de Goberno e publicarase a relación definitiva de traballadores asignados ás entidades ( Anexo Perfís). Nos cinco días seguintes á publicación, as entidades terán que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude de axuda.

**DEBEN LEMBRAR :**

1. TODOS OS CANDIDATOS DEBEN DE APORTAR O NIF OU DOCUMENTO EQUIVALENTE QUE ACREDITE A SÚA IDENTIDADE.
2. NAS ENTREVISTAS **DEBERÁN ACREDITAR MEDIANTE DOCUMENTACIÓN ORIXINAL OS REQUISITOS ESIXIDOS DO POSTO. DE NON SER ASÍ , PASARÁ A FIGURAR COMO NON APTO.**
  - Titulación: Titulo académica esixido.
  - Experiencia: contrato de traballo ou nómina para acreditar a experiencia
  - Outras esixencias do posto publicadas en cada oferta (carné de conducir....)

*En caso de empate na puntuación os criterios tomados pola Comisión de valoración para establecer a prelación de candidatos será en primeiro lugar o de maior antigüidade na inscrición como demandante ou mellora de emprego, segundo a data de nacemento, favorecendo os de maior idade e en caso de persistir o empate atenderase o grado de vulnerabilidade.*

3. TODAS AS FASES DO PROGRAMA SERÁN PUBLICADAS NA PÁXINA WEB DA DEPUTACIÓN DE LUGO [http://deputacionlugo.gal/gl/temas/emprego/tecendo\\_emprego/candidatos](http://deputacionlugo.gal/gl/temas/emprego/tecendo_emprego/candidatos)

A Xefa de Sección de Promoción Económica e Emprego  
Asdo. dixitalmente: Dna. Julia Vázquez Silvarrey

Código Seguro de Verificación	IV6TQLPYYD7MV6P36JHVCD7TCU	Fecha y Hora	15/03/2019 15:19:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	JULIA MARIA VAZQUEZ SILVARREY			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6TQLPYYD7MV6P36JHVCD7TCU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6TQLPYYD7MV6P36JHVCD7TCU</a>	Página	1/1	